

**Ano XVIII N.º 119 Mércores, 23 de xuño de 1999**

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS  
E VIVENDA**

*Orde do 10 de xuño de 1999 pola que  
se determina a relación de aglomeracións  
urbanas suxeitas ó canon de saneamento  
para usos domésticos.*

A Lei 6/1998, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1999, establece na disposición adicional terceira que con efectos do 1 de xullo de 1999, se modifica o artigo 35 da Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

«Estará exento do canon de saneamento o consumo ou a utilización de auga para usos domésticos das aglomeracións urbanas de menos de 2.000 habitantes, entendidas estas como aquelas zonas xeográficas formadas por un ou varios municipios, ou parte dun ou varios deles, que pola súa poboación ou actividade económica constitúan un foco de xeración de augas residuais que xustifique a recollida e condución a unha instalación de tratamento ou a un punto de vertido final. Regulamentariamente determinarase a relación de aglomeracións urbanas que, consonte o antes disposto, non estarán exentas do canon de saneamento. O límite do número e habitantes poderá ser variado anualmente na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma.».

De acordo co mandato legal, por esta orde determínase a relación de aglomeracións urbanas suxeitas ó canon de saneamento para usos domésticos a partir dos datos das previsións do plan de saneamento para Galicia.

Na súa virtude,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Apróbase a relación de aglomeracións urbanas suxeitas ó canon de saneamento para usos domésticos, que figura como anexo a esta orde.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 1999.

José Cuiña Crespo

Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.